



COSTA DE ARTEIXO

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2018



Distancia: 34 km (lineal, en coche) + camiñadas
Dificultade: baixa

O concello de Arteixo atópase na fachada atlántica, no comezo do tramo de costa coñecido como “A Costa da Morte”.

Nos seus 19 km de costa, desde a punta da Moa ata a enseada de Lourido, atópanse cantís de distintas alturas, furnas, esteiros, coídos e extensos areas. É unha costa dun grande valor ecolóxico, paisaxístico e xeolóxico, cunha importante actividade industrial e turística.

Unha parte está protexida no LIC “Costa da Morte”.



- 1-Puntas da Moa e do Regueiro
- 2-As Gaiandas
- 3-Porto e praia de Suevos
- 4-Punta Langosteira
- 5-Porto exterior
- 6-Praias de Sabón e Alba
- 7-Punta das Aguieiras.
Pedra da Herba e Os Castelotes
- 8-Praia de Repibelo
- 9-Area da Salsa
- 10-Punta Corveira e O Petón
- 11-Praia da Ucha
- 12-Praia da Vaca ou Valcovo
- 13-Punta do Compás
- 14-Praia de Combouzas
- 15-Praia de Barrañán
- 16-Praia de Reiro
- 17-Punta Alta
- 18-Punta Redonda
e Porto da Bendición
- 19-Porto de Sorrizo
e Punta Ouriceira
- 20-Punta do Campelo
- 21-Punta das Martiñas
- 22-Punta da Torre
- 23-Enseada de Folgueira
- 24- Rego de Alvite ou de Augacae



PERCORRIDO:

Comezamos o percorrido en Arteixo, desde onde nos achegamos ata Suevos. Alí podemos ver, en dirección a Sabón, as **puntas da Moa** (límite norte do concello) e do **Regueiro** cos illotes das **Gaiandas**; a **praia de Auga Dóce** ou do **Matadoiro** nas proximidades da fábrica coñecida como “A Cheirona”, o **porto e praias de Suevos (Area do Porto e Area Grande, separadas polo Puntido)** e facer un pequeno percorrido pola **Punta Langosteira**, desde onde hai unhas fermosas vistas da costa e cantís de enorme interese xeolóxico

De volta en Suevos dirixímonos ao extremo norte da **praia de Sabón**, fronte ao porto exterior e logo, rodeando a central térmica, á **praia e punta de Alba**, onde desemboca o **río Bolaños**. Continuamos pola estrada máis próxima á costa e pasamos a carón da **punta das Agueiras**, o **Pichón da Bogueira**, co “monumento ao voyeur”, **Os Castelotes**, a **Pedra da Herba** e as **praias de Repibelo, A Salsa, A Ucha e Valcovo** ou **Da Vaca**, ata saír á estrada que vai a Caión. A seguinte parada é na **praia de Barrañán**, que podemos contemplar, xunto coa de **Combouzos** desde a **punta do Compás**. Neste enorme areal podemos dar un bo paseo pola praia e coñecer un sistema dunar ben conservado con numerosas especies típicas deste tipo de ecosistemas.

O último tramo da viaxe facémolo seguindo a costa pasando a carón da **punta Alta**, a **praia de Reiro**, o **porto da Bendición** e o **porto e praia de Sorrizo**, desde onde podemos achegarnos á **Punta da Torre** e ao **rego de Alvite** ou de **Augacae**, lindeiro con Caión (A Laracha). Para ter unha boa vista deste último tramo de costa e a enseada de Lourido, podemos achegarnos á **punta Atalaia** (A Laracha), pola estrada de Caión ou completar a viaxe subindo a algún dos montes costeiros desde os que hai unhas boas panorámicas, como o **Monticaño** ou o monte **Barbeito**.



1-Puntas da Moa e do Regueiro



2-As Gaiandas. No primeiro plano a punta do Regueiro e ao fondo a punta Langosteira. Nesta zona embarrancou o vapor alemán Trier en 1902 e de aí ven o nome da Furna de Triel, nas proximidades.



Punta do Regueiro



Vista de Arteixo desde Monticaño



Praia de Auga Dóce ou do Matadoiro nas proximidades da fábrica coñecida como "A Cheirona"



Praias de Suevos: Area do Porto e Area Grande, separadas polo Puntido, onde houbo un castro.



3-Porto e praia de Suevos



4-Costa de Suevos e Punta Langosteira



Diferentes vistas de Punta Langosteira



O Cerro. Neste tramo de costa atópanse unhas interesantes dobras que están incluídas no catálogo de Lugares de Interese Xeolóxico (IGE)



5-Porto exterior e Punta Langosteira desde Monticaño



6-Praia de Sabón co rego Seixedo



Praia de Alba co rego Bolaños



Praia de Sabón, coa central térmica ao fondo. Un magnífico areal, ao abrigo das puntas dos Castelotes e a Cancela, no que desembocan, a unha e outra banda, os ríos Seixedo e Bolaños.



7-Punta das Agueiras e Os Castelotes



7- Pedra da Herba



Xigantesco miradoiro, "monumento ao voyeur" no Pichón da Bogueira



Praias da Salsa e Repibelo



8-Praia de Repibelo



9-Area da Salsa



10-Punta Corveira e O Petón



11-Praia da Ucha ou Area Pequena



12-Praia da Vaca (Valcovo)



13-Punta do Compás desde a praia de Valcovo. Preto, atópase a furna de San Xián accesible só na baixamar onde, segundo conta a tradición popular, un mariñeiro soltou un galo atado por unha perna cun cordel, e apareceu dous quilómetros máis adiante, noutra furna onde abrolla auga dóce.



Visda desde a punta do Compás: praias de Combouzas e Barrañán e puntas Alta, Redonda, da Torre e Atalaia.



14-Praia de Combouzas



15-Praia de Barrañán
Un gran areal de case 2 km de lonxitude cun sistema dunar ben conservado. Forma un conxunto, separado por pequenos saíntes rochosos, coas pequenas praias de Combouzas e Santa Irene.



Praia de Barrañán



Rego de Boedo e Pedras do Esteiro ou Pedras do Río



16-Praia de Reiro



17-Punta Alta




Furnas na punta Alta



18-Porto da Bendición, tamén chamado Salseadoiro das Bestas, por ser o lugar onde bañaban os cabalos para curarlle as feridas. Pódense ver depósitos do Emiense (interglacial de hai 140.000 anos) e furnas escavadas polo mar.



Furnas e praias fósiles no porto da Bendición



Punta Redonda





19-Porto de Sorrizo e praia de Porto Chas, entre Punta Ouriceira e punta do Campelo



Sedimentos fósiles na praia de Porto Chas: depósitos de coios procedentes de antigas correntes fluviais e restos dunha praia fósil.



20-Punta do Campelo. Destaca a presenza nas rochas de dobras nunha serie metamórfica de xistos, neises e migmatitas.



Enseada da Lobas, punta de Campelo As Martiñas.



21-Punta das Martiñas



Enseada de Lourido, esténdese entre a punta da Torre e a punta da Atalaia (Caión)



22-Punta da Torre.



Punta da Torre e enseada de Folgueiro

Furna na punta da Torre.
Un pseudokarst formado por granitos na parte superior e migmatitas na inferior.



23-Enseada de Folgheiro. Coido e cantil cun dique de seixo partido e inclinado.



44- Rego de Alvite ou de Augacae (deslinda o Concello da Laracha co de Arteixo). Desemboca no mar nunha pequena ferverza. Ao seu carón consérvanse os restos da cuba dun muiño. Na zona neis migmatizados e pegmatitas moi deformadas.



Vista desde a punta Alta: praia de Barrañán e monte Barbeito



Costa de Arteixo coa punta Langosteira ao fondo. Unha paseo peatonal e un carril para bicicletas permite percorrer parte da costa de Arteixo desde a praia de Sabón ata a de Barrañán.